

CRITERIOS DE TITULACIÓN NO BACHARELATO

Para obter o título de Bacharelato requírirase

1. Ter avaliación positiva en tódalas materias.
2. O equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

Considerase inasistencia continuada cando un alumno falte ao 10% ou máis das sesións anuais dunha materia e non teña ningunha das causas consideradas como xustificables no *Protocolo educativo para o control e a prevención do absentismo escolar*.

Cando exista a sospeita de que isto poida suceder, porque alcanzou o 6% das faltas nunha materia sen xustificar, o profesor e/ou titor comunicará isto en Xefatura de Estudos, que remitirá unha carta ao alumno/a ou aos seus representantes legais informando da situación e das consecuencias negativas que pode ter para a súa titulación.

Se o alumnado alcanzase o 10% das faltas anuais na materia inxustificadas, notificaráselle por correo a perda do dereito de titulación cunha materia suspensa.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

